



# **Modificación das Normas de Organización e Funcionamento adaptadas ao contexto Covid-19**

**CURSO 2020/21**

Aprobado en Claustro do 25 de novembro de 2020

# 1. INTRODUCCIÓN

A actual situación de alerta sanitaria provocada polo virus SARS-Cov-2 e o cumprimento do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 ditadas pola Consellería de Educación ao abeiro desta situación imponen a necesidade de adaptar as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro á nova realidade co obxectivo de preservar a saúde de toda a Comunidade Educativa do IES Miguel Ángel González Estévez.

## 2. NORMAS ESPECÍFICAS MOTIVADAS POLA COVID-19

### 2.1 NORMAS XERAIS PARA AS CLASES PRESENCIAIS

1. Non ha de asistir ao centro educativo o alumnado que presente síntomas compatibles coa COVID-19 nin o que se atope en illamento por diagnóstico da COVID-19 ou en corentena domiciliaria. No momento en que a autoridade sanitaria determine que o caso é negativo e que a súa incorporación non representa ningún risco de contaxio para a Comunidade Educativa, a persoa que permanecía illada deberá comunicar a nova situación centro antes da súa reincorporación.
2. As familias realizarán aos seus fillos/as, diariamente, unha autoavaliación do estado de saúde dos seus/súas fillos/as por se estes presentasen algún/s síntoma/s compatible/s coa COVID-19. Para a realización da devandita autoavaliación diaria empregarán o modelo de enquisa clínica que estará a disposición das familias na páxina web do centro en formato de descarga. Esta autoavaliación para a detección precoz de síntomas compatibles co virus SARS-Covid-2 deberá realizarse sempre antes de acudir ao centro educativo
3. No suposto de que se detecten síntomas compatibles cunha infección do virus da COVID-19 o alumnado afectado non acudirá ao centro educativo e os seus proxenitores contactarán inmediatamente co seu centro de saúde de referencia para que lles indiquen os pasos que deben seguir. Para a xustificación deste tipo de faltas non será preciso ningún xustificante médico, chegará coa comunicación dos proxenitores da situación ao centro educativo.
4. No suposto de que un alumno ou alumna manifieste síntomas compatibles coa COVID – 19 no centro educativo, será illado/a preventivamente e atendido/a polos integrantes do Equipo Covid do Centro, que chamarán inmediatamente á súa familia para que esta, á maior brevidade posible, se achegue ao centro a recoller ao seu/súa fillo/a para levalo/a ao centro de saúde.
5. Será obrigatoria, tanto nas entradas como nas saídas do centro, a desinfección das mans empregando os postos de xel hidroalcolico existentes neses lugares.
6. Durante a xornada lectiva todo o alumnado deberá desinfectar as mans ao entrar e ao saír da aula e fará uso do xel hidroalcolico localizado nas diferentes estancias do centro, entre elas as propias aulas do alumnado.
7. É obrigatorio o uso da máscara de protección en todo o recinto escolar e en todo momento, incluso aínda que se garde a distancia de seguridade de 1,5 metros

8. O alumnado deberá traer unha máscara de repostro para o seu uso durante a xornada escolar e un estoxo onde a gardará. O centro subministró estoxos ao alumnado para tal fin.
9. É obrigatorio o uso das papeleiras con tapa das aulas para desbotar as máscaras de protección, os panos empregados para a desinfección de superficies e obxectos e o resto de material COVID, ademais de utilizarse para o lixo que non é posible reciclar. Non se deben empregar os contedores do reciclado para desbotar este tipo de materiais.
10. Deberase gardar en todo momento a distancia interpersoal de seguridade de 1,5 metros.

## 2.2. ENTRADAS E SAÍDAS DO CENTRO E DA AULA

1. O alumnado non formará grupos de persoas en ningún momento, tanto nas entradas como nas saídas do centro.
2. Existirá carteleira específica para indicar como se debe circular polas aulas, polos corredores e, en xeral, por todo o recinto escolar.
3. Os lugares para o acceso e saída do centro están claramente delimitados e especificados nos planos específicos. Véxase Anexo X do plan de adaptación ao contexto Covid no centro.
4. Cando se acceda ou se saia das aulas o desprazamento será ordenado, evitando aglomeracións e gardando a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.
5. Non se poderá permanecer nos corredores en ningún momento da xornada lectiva, excepto cando corresponda nos recreos para o alumnado de 1º e 2º de bacharelato. A circulación por eles queda reservada aos momentos nos que se acceda ou abandone a aula, cando sexa preciso trasladarse a unha aula específica ou ao ximnasio ou cando se deba acudir ao baño coa autorización expresa dun/dunha docente.

## 2.3. NORMAS DA AULA.

1. Cada alumno/a terá asignadas durante todo o curso unha única mesa e cadeira e non poderá empregar outras mesas e cadeiras. Tampouco poderá mover do sitio a súa mesa e cadeira.
2. O alumnado accederá á súa aula respectando as medidas de seguridade reguladas no centro e dirixirase á súa cadeira e mesa agardando polo profesor/a.
3. Non está permitido agrupar mesas ou facer grupos de alumnos en ningún momento (aulas, recreos, entradas e saídas do centro,...)
4. Ao utilizar unha aula que non sexa a de referencia, cada alumna/o limpará e desinfectará o seu posto de traballo ao comezar a sesión lectiva cos produtos desinfectantes existentes nela. No caso da aula de referencia non será preciso.
5. Non se poderá compartir o material de uso propio (bolígrafos, lapis, libros...) con outros compañeiros/as. Tampouco se empregará o material doutros/as compañeiros/as.

6. Os ordenadores, proxectores e os demais elementos manipulables das aulas, tales como persianas, ventás, claves da luz,... só serán utilizados polo profesorado.
7. Nas aulas é preciso realizar unha ventilación inicial antes da entrada do alumnado. Será o/a conserxe quen se encargue de abrir as xanelas 15 minutos antes do comezo da xornada. Ao finalizar a sesión lectiva na aula, será o profesorado o encargado de facer unha ventilación, durante 5/10 minutos, antes da seguinte clase. As aulas permanecerán abertas nos recreos e cando non haxa clase. Será o/a profesor/a da sesión que remata quen se encargue de deixar a aula aberta e ventilando. O seguimento da ventilación da aula farase mediante a check-list dispoñible na aula.
8. Empregarase a papeleira da aula para tirar o lixo non reciclable producido, as máscaras de protección e o resto do material de limpeza e desinfección. Para a reciclaxe do papel, do plástico e dos envases, utilizaranse os contedores específicos que hai nos corredores do edificio.
9. O alumnado poderá ir ao baño ao inicio da sesión lectiva previa petición ao profesor/a desa sesión ou, en caso de ausencia, do profesor/a que estea de garda. Empregarase sempre o baño do andar da aula. Terase en conta sempre o aforo máximo permitido e esperará fóra no caso de que estea completo.

## 2.4. RECREO

1. Este curso o horario de ESO e bacharelato modifícase, habendo só un recreo de 35 minutos desde ás 11:30 ata as 12:05 horas. O ciclo manterá o mesmo horario que tiña, con dous recreos.
2. Co fin de que evitar aglomeracións nos corredores, o alumnado de 1º e 2º ESO baixará ordenadamente 5 minutos antes.
3. O alumnado de cada curso terá asignado unha zona exterior para permanecer durante o recreo. No caso de choiva o espazo asignado será o pavillón (dividido en zonas) para o alumnado de ESO, e o primeiro e segundo andar do edificio para 1º e 2º de bacharelato, respectivamente, xunto coa entrada cuberta exterior para ambos cursos.
4. O alumnado poderá desprazarse, ata a cafetería e os baños sempre que non haxa aglomeracións e cumprindo coas medidas de seguridade. Unha vez que remate, deberá volver á súa zona.
5. Durante os recreos, os baños que o alumnado de ESO poderá utilizar serán os da planta baixa. O alumnado de 1º e 2º de bacharelato tamén utilizará os da planta baixa e, só no caso de chuvia, poderá utilizar os baños da planta que lle corresponda. Terase en conta sempre o aforo máximo permitido e esperará fóra no caso de que estea completo.
6. Para comer ou beber o alumnado deberá manter unha distancia de 2 metros e procurará non falar. No caso de estar no pavillón, as gradas serán o lugar para poder comer, sentadas/os e coa distancia regulamentaria. No caso de bacharelato, poderán comer na entrada cuberta do edificio, mantendo as distancias.
7. O profesorado de garda no recreo estará asignado a unha zona e permanecerá atento a que se cumpran as medidas de seguridade por parte do alumnado. Haberá dous tímbrs para o aviso do fin do recreo. No primeiro, o alumnado dirixirase á aula correspondente. O profesorado estará 5 minutos antes na aula (ou no seu posto de garda) para o recibimento do alumnado. O profesorado de garda de recreo vivirá os desprazamentos do alumnado para que non se produzan aglomeracións.

Durante o curso 2020 –2021 serán de especial vixilancia e control as normas anteriormente enumeradas pois o seu incumprimento pode poñer en risco a saúde dun bo número de persoas, non soamente os membros da Comunidade Educativa senón tamén os seus familiares ou persoas máis próximas. Se algún alumno/a fai caso omiso destas normas será sancionado de acordo co estipulado no Decreto 8/2015 polo cal estas faltas están tipificadas como leves e a súa reiteración no mesmo curso escolar como falta grave.

## 2.5 NORMAS XERAIS PARA AS CLASES NON PRESENCIAIS

Establécense as seguintes normas de convivencia e auto-protección co obxectivo de facer do ensino virtual un espazo de aprendizaxe libre de condutas que entorpezan o seu desenvolvemento:

1. No desenvolvemento de ensino a distancia **no caso de producirse o peche dunha ou mais aulas por mor da pandemia da Covid-19**, respectarase o horario presencial, cunha duración das sesións de cada materia de 30 minutos. Deixaranse 10 minutos para a conexión inicial e outros 10 minutos para preparar a conexión da seguinte materia.
2. Para o desenvolvemento de ensino a distancia **no caso de producirse o peche do centro**, o horario de cada grupo será en sesións de 50 ou 30 minutos, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva semanal de cada materia ou módulo do seguinte xeito: Os horarios de cada grupo serán publicados na páxina do centro.
3. Este ensino a distancia poderá garantirse no momento no que todo o alumnado posúa os dispositivos adecuados para tal fin. O centro e a Consellería proporcionarán estes dispositivos e a conexión a internet ao alumnado que previamente notificara a non dispoñibilidade dos mesmos.
4. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como aula virtual, Webex, etc. O alumnado será previamente informado de cales serán as sesións nunha ou outra plataforma.
5. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
6. No caso de que a docencia sexa pola aplicación Webex, o alumnado deberá identificarse co seu nome e apelidos. Non se aceptarán alcumes.
7. O acceso á videoconferencia realizarase a través da sala do profesor/a da materia correspondente. Os enderezos das salas serán notificados pola acción de Mensaxería AbalarMóbil por cada profesor/a e tamén estará no curso de cada materia na aula virtual.
8. A comunicación de avisos ou información co alumnado será a través das ferramentas institucionais: foro de aula virtual, Webex, AbalarMóbil.
9. Nos 10 primeiros minutos o profesor/a rexistrará a asistencia dos estudantes.
10. Rexistraranse no Xade as faltas de asistencia e puntualidade do alumnado que non se conecte ou que o faga pasados os 10 minutos de marxe, respectivamente.

11. O alumnado deberá ter todo o material que precise no comezo da clase. O profesor/a informará previamente ao alumnado de todo o material e contidos que se vaian precisar.
12. O/A profesor/a poderá gravar o encontro virtual con fins educativos e co obxectivo de apoiar e entregar evidencia do realizado na clase virtual.
13. O/A docente determinará se é necesario que as/os estudantes estean coa cámara aberta para evidenciar a participación e o traballo na clase virtual.

### 3. MODIFICACIÓNS DAS NOF

Co obxectivo de adecuar as NOFC a actual situación de emerxencia sanitaria é preciso modificar os seguintes puntos do documento de centro:

#### ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

##### **En ensino presencial:**

O procedemento para este contacto regular (entrevista co profesorado) precisa, como norma xeral, da solicitude de entrevista por parte dos pais ou por parte do profesorado, mediante chamada telefónica, ou empregando AbalarMóbil. Estas reunións realizaranse a distancia empregando a chamada telefónica ou a videoconferencia.

En todo momento, as familias poderán entrevistarse co Equipo Directivo para abordar as cuestións que consideren de interese. Durante o curso 2020–2021 será obrigatorio comunicar previamente a solicitude de entrevista/reunión e, sempre que non sexa necesaria a presenza, realizaranse por teléfono.

A principio de curso, no mes de setembro, realizarase unha reunión (presencial) só das familias do alumnado de 1º ESO co equipo directivo e o departamento de orientación para ofrecer a información xeral necesaria sobre o desenvolvemento do curso. Para o resto de niveis a información realizarase por AbalarMóbil e pola páxina do centro.

Á espera da evolución da pandemia, verase a posibilidade de realizar as reunións de acollida das familias e do alumnado de 6º de Primaria que realiza orientación xunto co equipo directivo para dar a coñecer o centro e a súa oferta educativa. A información, en todo caso, estará publicada na páxina do centro como todos os anos.

##### **En ensino non presencial**

O profesorado titor manterá aberta a comunicación coas familias do grupo a través de AbalarMóbil. Esta comunicación poderá establecerse polo servizo de Mensaxería (con opción a resposta) no horario destinado para a atención ás familias.

As familias poderán entrevistarse co Equipo Directivo para abordar as cuestións que consideren de interese. Será obrigatorio comunicar previamente a solicitude de entrevista por correo electrónico do centro, ou a través do titor/a. Concretarase unha comunicación que se realizará por correo electrónico ou por teléfono.

## REUNIÓN ANPA

**Evidentemente só no caso de que o centro permaneza aberto**, poderanse realizar as xuntanzas da ANPA, para as que faremos dúas distincións:

- Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do centro o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.
- Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar no pavillón, garantindo a distancia e limitando o aforo a 100 persoas, que son as que collen sentadas coa distancia de seguridade axeitada.

## ATENCIÓN AO ALUMNADO ACCIDENTADO CON INDISPOSICIÓN OU CON SÍNTOMAS COVID NO CENTRO

En caso de accidente ou indisposición dalgún alumno ou alumna poderase requirir a presenza do profesorado de garda para organizar a súa atención. No caso de que a indisposición poida estar relacionada co virus do COVID 19 o profesorado de garda avisará ao Equipo Directivo e aos membros do Equipo Covid para proceder ao seu illamento e ao protocolo establecido polas Consellerías de sanidade e Educación e recollido no Plan de adaptación ao COVID do centro.

## DEBERES DAS FAMILIAS

**No caso de ensino presencial:**

1. Realizar a autoavaliación diaria de síntomas para comprobar, no caso de que estes existan, se son compatibles coa COVID 19 e entregar, debidamente asinado, o compromiso de realización desta enquisa diaria.
2. Non enviar ao/á seu/súa fillo/a ao centro no caso de que este/a presente síntomas compatibles coa COVID 19 e chamar inmediatamente ao seu pediatra do centro de saúde de referencia.
3. Informar ao centro educativo no caso de que o/a alumno/a presente síntomas compatibles coa COVID 19 e manter un illamento preventivo e domiciliario tal como establece o Protocolo de adaptación ao contexto COVID 19 das Consellerías de Educación e Sanidade.
4. A familia aportará un ou varios números de teléfono e un correo electrónico para facilitar o contacto con ela durante a xornada lectiva no caso de que algún alumno/a presente síntomas compatibles coa COVID 19. Se se produce o caso de que a persoa de contacto e referencia, por circunstancias especiais, non é o pai ou a nai, a familia debe deixar constancia dese extremo no centro e facilitar os números de contacto da persoa ou persoas que os proxenitores nomeen como persoa de referencia para establecer contacto dende o centro.

**No caso de ensino non presencial:**

5. Controlar, para o alumnado de ESO, a asistencia á docencia virtual e vixiar o cumprimento das tarefas.
6. Na medida do posible, establecerá un espazo de estudo libre de distraccións para que a/o estudante poida traballar de maneira eficiente.
7. Dialogar co seu fillo/a sobre o bo uso da internet e das plataformas virtuais como complemento para a aprendizaxe e a conexión co profesorado e estudantes de maneira segura e responsable.
8. Amosarlle a importancia polo coidado na información sobre os contrasinais e a información persoal.
9. Instar a que o alumnado comunique calquera situación que faga sentir incómoda/o ou que lle pareza desagradable.
10. Dialogar co estudante sobre os seus intereses e as actividades usuais cando emprega internet, co fin de relacionarse e coñecer o que realiza.
11. Promover o uso dunha linguaxe respectuosa e correcta con todos os integrantes da Comunidade.

## PROTOCOLO DE ABSENTISMO

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias derivadas da aplicación das medidas de prevención básica da COVID-19 consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

## CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

- Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de **condutas leves** contrarias á convivencia engádense os seguintes supostos:

**En caso de ensino presencial**

- O incumprimento polo alumnado do uso da máscara.
- O incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do protocolo.

**En caso de ensino non presencial**

- Ingresar tarde ou retirarse antes da docencia virtual sen aviso e sen xustificación.
- Non acatar as normas de aula básicas necesarias para o normal desenvolvemento da docencia ou actividade.
- Non realizar as actividades propostas polo profesor/a.



- Nas videoconferencias, ter aceso o micro cando non proceda, utilizar o chat para realizar comentarios alleos ao ámbito académico,
  - Enviar mensaxes, audios, videos que non correspondan coas actividades académicas durante a docencia virtual
  - Calquera conduta que impida o normal desenvolvemento da docencia virtual.
- Calquera acción que non respecte as normas relacionadas coa situación de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19, xa que o seu incumprimento pon en perigo ao resto da Comunidade Educativa, consideraranse **actuacións gravemente prexudiciais**

**En caso de ensino presencial**

Aquelas que atenten contra a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas, sobre as medidas sanitarias que o protocolo de adaptación ao contexto covid-19 do centro reflicte

**En caso de ensino non presencial**

Transferir os enlaces de invitacións para videoconferencias, así como contrasinais a persoas alleas ao centro ou doutros cursos.

Difundir as comunicacións, imaxes, videos ou audios do profesorado e/ou alumnado das videoconferencias das clases da docencia virtual.

En O Carril a 25 de novembro de 2020